

# a REPRESIÓN franquista sobre o MAXISTERIO miñorán

[ I ]

Adro

Os estudos sobre a represión no maxisterio tras o golpe de estado do 18 de xullo de 1936 teñen o seu punto de partida nos traballos de Francisco Morente Valero sobre a provincia de Barcelona e nomeadamente na súa documentada tese *La depuración del Magisterio Nacional (1936-1939)*<sup>1</sup> que, para o noso caso, ten unha especial importancia, xa que incorpora a listaxe de mestres e mestras da provincia de Pontevedra, que tras pasar polas respectivas Comisións de Depuración, foron sancionados.

Para unha achega tanto á ideoloxía da escola franquista como ao proceso de depuración, remitímonos a este destacado estudo, pero non queremos deixar de recoller a síntese que o profesor Borja de Riquer realiza no prólogo da citada obra de Morente Valero:

...la finalidad de la depuración de los maestros era, inicialmente, la destrucción de la obra escolar republicana, acabar con el laicismo, la coeducación, la organización democrática de la enseñanza y el espíritu de innovación pedagógica. (...)

Y la purga era el paso previo y necesario para construir el nuevo sistema educativo, de ahí el carácter punitivo y preventivo de la represión. Se trataba no sólo de castigar y excluir a maestros por lo que eran y se suponía que habían hecho, también se hacía como prevención por lo que pudieran hacer.<sup>2</sup>

Do mesmo xeito os traballos do profesor Porto Ucha<sup>3</sup> teñen iluminado definitivamente o proceso represor sobre o maxisterio pontevedrés. Mestres e mestras asasinados, fuxidos, exiliados, encarcerados, expulsados do corpo, definitiva ou temporalmente, trasladados das súas escolas e tamén o que Porto Ucha define como:

...distintas formas de "exilio interior", dos distintos "exilios interiores": o cárcere, a clandestinidade política, os trasladados, o silencio e o olvido, o rexeitamento dos demais, o

desengano, a culpabilidade, a espera, a penuria económica, a non posibilidade de acceso á escola, o exilio dos amigos, da cultura, a negación da escrita, o exilio da familia, ou incluso a non renuncia a vivir os acontecementos, a pesar do amordazamento ao que se está sometido, a desinformación, etc..<sup>4</sup>

Xa que como di Borja de Riquer no prólogo mencionado:

Cuando el 1 de abril de 1939 el general Franco anunció que la guerra civil había acabado faltó descaradamente a la verdad. Porque, de hecho, la guerra civil no finalizó en 1939 sino que duró muchos años más.<sup>5</sup>

No noso país a guerra civil fixoo moito tempo máis, pois comezara xa nos días finais de xullo de 1936

Teñen pois estas liñas o obxectivo de deitar algunha nova información sobre a depuración do maxisterio miñorán mantendo como referencia interpretativa os traballos de Molero Valero e Porto Ucha.

[ II ]

## A DEPURACIÓN DO MAXISTERIO BAIONÉS O CASO DE BENITO RAMALLO GÓMEZ

O martes primeiro de setembro de 1936 *El Pueblo Gallego* recollía a relación de mestres e mestras suspendidos dos seus cargos publicada no Boletín Oficial da Provincia.

Segundo esta relación quedaban suspendidos dos seus cargos: Amando Rodríguez Rodríguez, mestre de Baredo, María Aguiar Piñeiro, mestra de Baíña, Julián Carrascal Luengo, mestre de Santa Cristina da Ramallosa, e Benito Ramallo Gómez, mestre de Baiona.

Nese tempo, segundo cita Porto Ucha<sup>6</sup>, recollendo datos do traballo de Álvarez Limeses<sup>7</sup>, había no concello baionés 11 escolas unitarias (cinco de nenas e seis de nenos) que se repartían polas parroquias de Baíña, Baredo, Belesar e Santa Cristina da Ramallosa a razón

de unha de nenos e outra de nenas en cada unha das parroquias citadas; mentres que en Baiona había unha escola máis, a do Pósito Marítimo.

Os demais mestres: Rafael Baena Rivas, Rafael Segura Marcos e Balbanera Rivas Silva (de Baíña); Sira López Sanmartín e Pedro Soage Hermida (de Baiona); Mercedes Díaz Barros e Teresa Martínez Rabadán (de Baredo); Felisa Blanca Mori de la Roza e Antonio Taboada Tabanera (de Belesar) foron confirmados nos seus postos. Xa que logo dun total de 12 mestres e mestras foron sancionados 4, isto é un 33%.

O mestre de Baredo, Amando Rodríguez Rodríguez, foi sancionado coa separación do servizo e baixa no escalafón, segundo a resolución publicada no BOP do 11.05.40. Pola súa banda, contra Julián Carrascal Luengo, mestre de Santa Cristina da Ramallosa, formuláronse as acusacións de “militancia en organizacións afectas á República”, “ideoloxía ou simpatía de esquerdas” e “irrelixiosidade ou ateísmo”, polo que foi sancionado con traslado fóra da provincia por tres anos e inhabilitación para o desempeño de cargos directivos. Na resolución da revisión do seu expediente a sanción foi confirmada o 14.11.41.

A mestra de Baíña, María Aguiar Piñeiro foi sancionada con suspensión de emprego e soldo por dous anos, traslado por cinco anos fóra da provincia e inhabilitación para cargos directivos (BOP 4-6-40).


Os cargos contra Benito Ramallo Gómez eran: “militancia en organizacións afectas á República”, “actitudes contrarias á Causa Nacional”, “ideoloxía/simpatía de esquerdas”, “irrelixiosidade/ateísmo” e enunciados pedagóxicos inaceptábeis”. Morente Valero<sup>8</sup> di:

Pero en cualquier caso, si en el expediente la acusación se consideraba probada, la sanción mínima que recaía sobre el interesado era el “traslado fuera de la región” (y en ocasiones también “de las provincias limítrofes”<sup>9</sup>, aunque, en casos de exacerbado nacionalismo, no era descartable una sanción mayor.

E engade nunha nota

Este fue el caso de B.R.G. (maestro de Baiona - Pontevedra-), quien “en el casino de la Villa (...) negó su filiación española” (subrayado en el original) lo que la comisión superior consideró que constituía un hecho de características “monstruosas” y merecedor por si solo de la separación del servicio, como en efecto ocurrió.

Pero Benito Ramallo Gómez sufriu moito máis que a sanción administrativa de separación do corpo e baixa no escalafón, xa grave en si, pois foi detido o cinco de setembro de 1936 en Baiona polo eficaz perseguidor dos inimigos da Patria, Cabo da Garda Civil de Baiona, Manuel González Pena. A detención daría pé ao inicio dunha causa militar, a 1.369/36, contra Benito Ramallo Gómez, Eduardo Lira López, Manuel Cabrera Petroño e Ramón Solla Fernández que sería instruída, como tantas outras, polo Comandante de Infantería retirado Benito Otero Brage. A causa iníciase, como comentamos, tras unhas dilixencias do Cabo Pena nas que achega, como proba delictiva, a acta da constitución do Comité Local “Pro Autonomía de Galicia”



asinada en Baiona o 16 de xuño de 1936, momento en que Benito Ramallo era alcalde en funcións da vila miñorá en substitución de Manuel Godoy Agrelo que cesara como tal o 9 de xuño.


Benito Ramallo preside como alcalde accidental, cargo do que cesará o 21 de xuño, a reunión das forzas políticas que constitúen o Comité Pro Estatuto de Autonomía que sería sometido a referendo democrático uns días despois, o 28 de xuño. Naquela reunión, como podemos observar no documento, participaron ademais do alcalde en funcións, Eduardo Lira López en representación de Izquierda Republicana, Manuel Cabrera Petroño, polo Partido Comunista, Luís López Luís, polo Partido Socialista, Agustín Villafines, polo Partido Sindicalista, Francisco Trigo, polo Partido Galeguista e Ramón Solla Fernández en representación da Sociedade Agraria “La Reconquista” de Santa Cristina da Ramallosa da que era Presidente.

O Cabo Pena procedeu, segundo as súas propias palabras, a detención dos:

“principales dirigentes que formaban el comité de representación del Frente Popular para el separatismo gallego”

Pero non detivo a todos. O líder socialista, Luís López Luís, estaba agochado, seguramente na compañía do seu irmán Pepe, o líder anarquista, importante dirixente da Confederación Regional Galaica da CNT que asinaba os seus escritos en *Solidaridad Obrera* como “Saluto”<sup>10</sup>. Ambos eran coñecidos como “Os Ineses”, por ser fillos de Inés, e serán asasinados en Sabarís o 13 de outubro de 1936 tras un enfrontamento con Gardas Cívís e falanxistas<sup>11</sup>, a resultas do cal é ferido e logo morto o falanxista e cobrador de arbitrios Luís Refojo Mariño. En vinganza por esta morte, na madrugada do 16 de outubro, son asasinados nove veciños do Val Miñor na coñecida dende aquela traxedia como “Volta dos Nove”.

Tampouco sería encartado nesta causa Agustín Villafines, líder do Partido Sindicalista, que agrupaba ao sector máis moderado da CNT



► Carta de recomendación de Benito Ramallo

e alcalde de Baiona en xullo de 1936 detido con anterioridade. Tampouco detén, e descoñecemos a razón, ao representante galeguista, Francisco Trigo, xefe de Correos de Baiona.

Contra Benito Ramallo aporta o Cabo Pena documentos que considera comprometedores. Así, incorpora á causa un escrito do Presidente do Sindicato Agrícola del Éo, asinado en Meira (Lugo) o 2 de xuño de 1932 e dirixido ao Presidente da Federación Agraria de Lavadores na que di:

Mi estimado camarada:

Cumpliendo acuerdo de la Junta Directiva de este Sindicato, tengo el gusto de informar a V. que el Maestro Nacional, recientemente destinado a Baiona, D. Benito Ramallo ha regentado durante varios años la Escuela de San Jorge de Piquín, en este municipio de Meira, a satisfacción de todo el vecindario; fue Presidente, durante algún tiempo, de la Sección Agraria de este Sindicato en dicha parroquia, al frente de cuyo cargo ha demostrado su interés y celo por los problemas del campo; y se ha distinguido en las campañas de propaganda realizada en esta comarca contra el caciquismo.

Soliño<sup>21</sup>, que cualquier otro. Que sea un trabajador de la enseñanza, afiliado, y eso basta.

Proba do decidido compromiso de Vázquez Grela é que durante o bienio radical-cedista (1933-35) e como consecuencia das folgas de 1934, segundo un informe de Víctor Fraíz recollido no nº 24 da revista *Escuela Vivida*,<sup>22</sup> o mestre de Nigrán foi condenado a dous meses de prisión. Para facer fronte á difícil situación na que quedaron algúns dos mestres detidos e as súas familias, constituíuse unha comisión de axuda que terá tamén delegación na provincia de Pontevedra. Esta emitirá un chamado para recadar fondos para os mestres e as súas familias. Na primeira listaxe de doantes inclúese a José Vázquez Grela que achega cinco pesetas; na mesma relación e coa mesma cantidade figuran os mestres de Donas, José Cribeiro González e Juliana Gómez Martín, matrimonio de ensinantes que tamén serán represaliados en 1936 e dos que falaremos máis adiante.<sup>23</sup>

Un dos informantes de González Pérez lembra un mitin polo Estatuto, no largo das Angustias, no que tomaron a palabra: o mestre Vázquez Grela; os irmáns Luís e Pepe de Inés, “Os Ineses” e os tamén irmáns Villafines, José e Agustín. O primeiro, presidente da Sociedade de agricultores de Sabarís; o segundo, alcalde de Baiona no momento do golpe de estado. Ambos condenados por rebelión militar a trinta anos de reclusión perpetua. Segundo recolle *El Pueblo Gallego*<sup>24</sup> o acto tivo lugar o 21 de xuño de 1936 ás catro da tarde.

A sublevación fascista aterrizou a Vázquez Grela e segundo varias testemuñas intentou colaborar co novo réxime con achegas económicas, declaracións políticas, asistencia diaria á misa, etc. Informacións que podemos confirmar polas noticias recollidas por *El Pueblo Gallego*. Na primeira crónica recollida por este xornal, o 6 de agosto, sobre os acontecementos nos días do golpe militar xa se dá conta do terror do que estaba preso Vázquez Grela. O cronista, servicial co réxime militar, recolle:

Desde el lunes día 20 sufrieron los habitantes de este pacífico pueblo horas de verdadera inquietud. (...)

A las tres de la tarde los radios del boticario y del maestro dieron la noticia de la proclamación del estado de guerra en Vigo (...)

Grupos armados de pistolas, revólveres y carabinas, se dedicaron día y noche a desarmar a los vecinos de derechas. Entraban violentamente y encañonando en todas las casas a las personas; al anochecer entraron en la casa del recaudador de arbitrios y propietarios don Lucindo González, cuyo señor pudo escapar por entre los viñedos. Toda la noche la dedicaron a desarmar a la gente. Un numeroso grupo cruza la carretera, discute acaloradamente, empuña las armas y penetra violentamente por la escalera del prestigioso maestro nacional de Nigrán, José Vázquez Grela. Este señor al ver la actitud con que abrieron la cancilla y ante el dilema de tener que morir o defenderse de las turbas huyó por una ventana baja y por entre los maíces con su señora e hijo, dejando solita en casa a su anciana madre de 83 años, estando unos días escondido sin volver a casa hasta el lunes siguiente. Revisaron la casa y no hicieron daño alguno; por la noche rondaron la casa los grupos, aunque después dijeron que ellos solo querían armas, y que su intención no era hacer daño ni al maestro ni a nadie. (...)

El jueves empezó a tranquilizarse esto. Un autocar de Vigo con fuerzas de Carabineros, Asalto y militares, que pasó para Bayona, realizó el milagro (...)

Pola novas da prensa coñecemos ben os intentos do “mestre de Nigrán” por agradar aos militares e ás novas autoridades. O seu nome aparece repetidamente vinculado a doazóns económicas ou de ouro así como a accións de recadación de fondos para o exército. O 23 de agosto *EPG* recolle un breve no que se anuncia un funeral por Calvo Sotelo, di:

(...) se organizará una procesión presidida por las autoridades, los maestros y sacerdotes que se dirigirá a la Escuela de Niños, donde , con toda solemnidad se llevará a cabo el Grandioso acto de reponer el crucifijo, ante el cual se rezará la primera oración por los mártires de la Patria. Serán bendecidos los crucifijos por el virtuoso abad-párroco D. Inocencio Barros Vázquez, que pronunciará palabras alusivas a Cristo Rey y explicará la

significación del acto el Maestro Nacional D. José Vázquez Grela.

O mesmo xornal relata o acto o 27 de agosto:

Como habíamos anunciado, el lunes, a las diez, se celebró el funeral por el excelentísimo señor D. José Calvo Sotelo, que había organizado el maestro nacional y el abad párroco de Nigrán (...)

Terminado el funeral (...) se organizó una procesión magna desde la iglesia a la escuela de niños y niñas para reponer los cristos. Este acto fue muy emocionante, delante de dos grandes filas de niños y niñas y de muchísimo público llevaban los crucifijos el maestro y la maestra nacional. Durante el trayecto hubo cánticos religiosos y ya en el local, la presidencia, los sacerdotes, los jóvenes de Falange Española, el secretario D. Román de Lís, los gestores municipales Álvaro Mourelle y D. Benjamín Calvo en representación de la Alcaldía.

Don José Vázquez Grela explicó la finalidad del acto en párrafos de gran emoción y sentimiento. Repuso el Crucifijo en su lugar diciendo que el Cristo que nos acompañó en tantas conquistas volvía a ocupar su puesto gracias a los gobernantes que cumplen con la ley. Relacionó la parábola de la viña con el actual momento histórico de España en que Díos echó de la heredad a los malos gobernantes. Dijo que no puede haber educación sin religión, porque el hombre, como hijo de Díos, tiene que ocuparse de los problemas de ultratumba. Habló de Jesucristo como médico, sacerdote y maestro, y de Cristo como centro deben irradiar todas las enseñanzas, concluyendo con que la Iglesia tiene que educar y vigilar la educación del pueblo por aquellas palabras de Cristo a los apóstoles: "Id y enseñad a todas las gentes bautizándolas en el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Santo". Se izó la bandera bicolor en la escuela diciendo que sus pliegues encierran el verdadero sentir del alma española y se terminó con vivas a España y al Ejército y se rezó una oración por el triunfo definitivo del Ejército Nacional.

A confrontación relixiosa presidirá con intensidade a tensa e curta vida da II República. O seu carácter laico enrabiou aos sectores

católicos que se negaban a perder nin un chisco do seu control ideolóxico sobre a sociedade do momento. A reposición dos crucifijos nas escolas e o ensino obrigatorio da relixión converteríase nun dos sinais de identidade do réxime do nacional-catolicismo que estaba a nacer, como se recolle nas disposicións xerais para os mestres publicadas en *El Pueblo Gallego* de 11 de setembro de 1936. Nelas dise:

"Las tardes de los sábados serán consagradas (...) a la enseñanza de las oraciones y preceptos de la Doctrina Cristiana..."

Unha escenificación da adhesión aos golpistas con todos os trazos propios da grandilocuencia fascista a imitación da Alemaña nazi ou da Italia mussoliniana tivo lugar en Baiona o domingo 6 de setembro de 1936. Non nos resistimos a reproducir en gran parte a crónica do acto, recollida en *El Pueblo Gallego* o martes 8, asinada por L.G.P. quen ademais de moitas doses de incenso ten certas pretensións literarias na liña chauvinista e fantasiosa que as novas autoridades imprimirían ao seu réxime e que perdurarían anos. Tamén porque é unha boa síntese dos presupostos ideolóxicos dos novos dirixentes representados polo Comandante militar de Vigo<sup>25</sup> e o bispo de Tui<sup>26</sup>. O acto tivo pois moita transcendencia e foi preparado con minuciosidade; o mesmo *El Pueblo Gallego* dedícalle media contracapa a unha reportaxe fotográfica do fotógrafo Ksado.

Grandiosa fiesta patriótica en Bayona  
Con motivo de la reposición del crucifijo en las escuelas

Al acto asistieron el comandante militar de Vigo y el obispo de Tuy

El motivo

Estalló el entusiasmo patriótico el domingo en Bayona. Fue el motivo una misa de campaña, ofrecida por los que luchan valientemente en los campos de batalla y por los que han caído ya, entregando su vida por esta España grande que todos anhelamos construir. También fue la solemnísima ceremonia de bendición y colocación de los crucifijos en las escuelas.

Asistieron el ilustrísimo señor Obispo de la diócesis; el Comandante Militar de la plaza de

Vigo, acompañado de gran número de jefes y oficiales; nuestras autoridades militares; nuestra Gestora Municipal y representaciones de organismos y entidades locales.

#### El escenario

Hermoso día de verano. La vieja villa marinera amaneció engalanada con arcos de triunfo con carteles de vibrantes “Vivas”, con banderolas y follajes. Las casas materialmente cubiertas por la bandera nacional que colgaba de ventanas y balcones. Por todas partes oro y sangre. Luz y color. El espacioso campo de la Palma profusamente engalanada. Teniendo por fondo el horizonte se levantaba el altar, ara de sacrificios. Recortándose en el azul del cielo y en el azul del mar, una gran cruz con los colores nacionales, sobre la que destacaba una magnífica talla del crucificado.

Tapices, flores rodela con armas bruñidas en armonioso conjunto y al pie del altar, dos guerreros medievales que, por amor de tan gran solemnidad, abandonaron los salones de la suntuosa mansión de Monterreal, para dar guardia de honor al. “DIOS DE LOS EJÉRCITOS”. Orgullosos exhibían sus cascos y petos, sus golas y guanteletes relucientes al sol.

#### El acto

A las once en punto llegaron las autoridades eclesiásticas, militares y civiles, ocupando sus puestos en un estrado situado a la izquierda del altar, un gran mástil donde ondea orgullosa la bandera de España.

Por un alta-voz instalado en el centro del campo se dan instrucciones para el mejor orden de la ceremonia. La colocación es perfecta. Frisan el campo los blancos delantales de las filas escolares. Niños a un lado, niñas a otro, agitan banderolas. Ocupan el centro, en correctas formaciones, fuerza del Ejército, Falange Española, Juventudes de Acción Popular, requetés y Exploradores. Falange femenina de Bayona forma en la fila frente al altar. Una enorme multitud encuadra el escenario. Se cantan los himnos de la Legión y la Falange.

Comienza el santo Sacrificio de la Misa y el silencio es imponente. Durante el acto, la Banda Municipal de Bayona toca escogidas piezas. Emocionante el fervor de la muchedumbre.

#### Los discursos

Terminada la misa se adelanta al micrófono el valeroso Comandante de la plaza de Vigo, don Felipe Sánchez. Saluda y felicita al pueblo de Bayona por la grandiosidad del acto que se está celebrando. Habla entusiasmado del resurgir de la nueva España que estamos forjando a costa de tantos sacrificios y dice que es la Fe el impulso principal del movimiento salvador. La Fe sin la cual no se concibe el hombre civilizado. La Fe que no pretende definir y menos en Bayona, en donde sus hombres la conocen perfectamente, pues sin Fe “no sería posible que los marineros saliesen confiados todos los días a luchar con el mar y demás elementos para arrancarles el sustento de sus hijos y su propio sustento”.

Por último dice que es necesario que el campo, donde parece que no se ha llenado todavía de fervor patriótico –sin duda por timidez- se apresure a vibrar al unísono de las villas y ciudades en esta hora cumbre de la regeneración de España.

Fue aplaudidísimo e interrumpido varias veces con vítores entusiásticos.

Sube al altar el Ilustrísimo S. Obispo. Bellísima oración de forma y de fondo de nuestro prelado. Su sabiduría, su elocuencia, su unción cautivan y someten. No podemos seguirle en estas breves notas. Dijo en síntesis: Felicitaciones para los organizadores del magnífico acto que se estaba celebrando. Recuerdo emocionado para los que luchan y los que ya han caído por la salvación de España, de la España católica que deseamos. Pone de relieve que no basta vencer en el campo de batalla, como ya lo estamos haciendo para arrojar de España el comunismo. La victoria guerrera sólo es el principio de la gran cruzada; luego es preciso, es indispensable, la cristianización de la sociedad. Sin esto no habremos conseguido nada. Para ello es necesario: primero la verdadera educación del niño por los padres, por los sacerdotes, por los maestros. Es necesario que los niños asistan a las escuelas, ahora que ya no se les separa en ellas de las doctrinas de amor y salvación del crucificado. Luego cristianizar el hogar, cumpliendo como buenos esposos y padres. Moralidad en las costumbres, haciendo un llamamiento a la juventud para su observancia, sobre todo en las playatas, y



[Arquivo IEM]

► Vázquez Grela nunha reunión de mestres e mestras da provincia de Pontevedra

recuerda que las vanguardias de las ideas revolucionarias suelen ser los folletos y propagandas pornográficas que destruyen y corrompen los corazones. Y por último, el establecimiento de la doctrina social de la Iglesia en las relaciones del capital con el trabajo: Salarios justos, salarios familiares, participación en los negocios, cuando el obrero esté capacitado y vaya con espíritu de hermano a esa intervención y no para destruir.

Se le ovaciona y aclama delirantemente.

Un obrero a nuestro lado enronquece con sus gritos constantes de entusiasmo. (...)

Cristo vence

Acto seguido se bendicen los crucifijos y son llevados procesionalmente a las escuelas (...)

Sobre esta xornada patriótica anota o baionés Herminio Ramos<sup>27</sup> nas súas *Efemérides baionesas* unha especie de desordenado diario inédito:

“Septiembre 6. Con extraordinaria concurrencia de mas de diez mil personas se efectuó (...) la misa de campaña asistiendo (...) los niños de todos los colegios del Valle y numeroso gentío.”

Uns días despois, o 12 de setembro de 1936 ao mestre de Nigrán pillárono na súa propia escola, ante os aterrorizados ollos dos seus alumnos, e matárono, ao mediodía, uns centos

de metros máis abaixo, no barrio da Devesa. Dirixía o comando de pistoleiros o tristemente célebre tenente da Garda Civil Francisco González Rodríguez “O Rabioso”<sup>28</sup>. O terror estendeuse polo Miñor coa mesma rapidez que as novas sobre o seu asasinato. De nada lle serviron os seus actos de servidume ao novo réxime. Equivocouse. Severino Crespo, alumno de Vázquez Grela relata os feitos:

Debían ser as doce, ou doce e cuarto da mañá, a porta estaba entreaberta e aínda así petaron, o Grela díxonos que abríramos e así o fíxemos, era un famoso Garda Civil de Bouzas que lle chamaban “O Rabioso” e tres falanxistas tamén de Bouzas (...)

(...) sacárono e metérono nun coche daqueles antigos e baixaron cara ó cruce, torceron á esquerda e metéronse pola estrada de Camos. Niso a muller baixa correndo as escaleiras e só puido ver o coche como torcía cara ás Angustias, saíu correndo (...) cando chegou preto das Angustias xa se oíron os tiros. Levárono pegado por un carreiro ó lado do cemiterio polo contrario ó do Cean e díxéronlle que baixara que o ían levar xunto do cura, así como comezou a andar pegáronlle cinco tiros polas costas, ó lado dun carballo (...) <sup>29</sup>

O mestre de Nigrán fracasara no seu intento de salvar a vida. Os sublevados poñían en marcha a súa estratexia de terror e



[Arquivo IEM]



▶ José Vázquez Grela

eliminación física dos partidarios do réxime republicano. Nada os ía deter, tampouco hipotéticas e repentinas conversións. Moitos outros mestres optaran por non se incorporar ás súas escolas no mes de setembro e seguiron máis ou menos agochados ata que tiveron certa seguridade de que non lles ía pasar nada.

José Vázquez Grela tiña cincuenta anos, nacera no concello de Padrón, preto da Escravitude, na terra de Iria, ao pé da pena da Grela. Casara con Josefa Iglesias, natural de Cuntis con quen tivera seis fillos: María Asunción, Antonio Manuel, Julia, Alfredo e José Gonzalo, o máis cativo era menor de idade cando lle asasinaron o pai. A inscrición realizada en virtude de “diligencias practicadas por la autoridad militar” explícita que a causa da morte foi por “heridas por proyectil de arma corta de fuego en la cabeza y el pecho”. Alguén anotou nunha esquina da folla do rexistro: accidente. Soa a ironía.

## [ IV ]

## A REPRESIÓN SOBRE O MAXISTERIO GONDOMAREÑO O CASO DOS MESTRES DE DONAS

No concello de Gondomar, en 1936, había dúas escolas graduadas con tres seccións instaladas no grupo escolar da Paradela. Había tamén escolas unitarias de nenos e nenas nas parroquias de Borreiros, Couso, Chaín, Donas (dúas en Donas e San Cibrán), Mañufe (tamén había unha escola mixta en Nande cunha mestra), Morgadáns, Peitieiros (había tamén unha escola mixta cunha mestra), Vilaza e Vincios.<sup>30</sup>

Era neste concello onde había máis mestres e foi tamén onde a represión foi máis intensa. O 1 de setembro, o Gobernador Civil suspendeu nos seus cargos a cinco mestres: Juan Antonio Ambrós Rodríguez, de Couso; José Cribeiro González, de Donas; Joaquín Ferrandiz Fernández, de Prado, Morgadáns; Prudencio Figueroa Vila, de Vincios; Luciano Folgar Monteagudo, de Chaín; e dúas mestras: Gloria Barbazán Fernández, de Peitieiros, e Juliana Gómez Martín, mestra de Donas. Posteriormente serán tamén sancionados Rogelio Granja Valverde, mestre de Mañufe, e Victoriano Taibo García, mestre de Morgadáns.

Os demais mestres e mestras foron confirmados nos seus postos: Manuel Corbal Estévez, Celia González Rodríguez e Dolores Jorge Echeverry (mestres de Chaín); Casilda Lomba Portela, Enrique Rodríguez Márquez, César Carballeira Guerra, Valentina Cao Cordido, Juan A. Iglesias Alonso e Vicente Martínez González (mestres de Gondomar); María del Carmen Valverde Fajo (mestra de Morgadáns); Eva Bacelar Besteiro (de Mañufe); Castor Ventín Alonso (mestre de Peitieiros), Estalisco López de Guereño (mestre de Vilaza) e María García Senra (mestra de Vincios). Son os que podemos identificar na listaxe de Morente Valero, xa que nalgúns casos como o de Couso e Parada, ou mesmo Paradela (Gondomar) prodúcese unha identificación cos topónimos de diversos concellos que pode levar á confusión. En todo caso cos nomes que temos identificados, hai nove mestres e mestras sancionados dun total de 23, ou o que é



o mesmo case o 40% dos ensinantes de Gondomar foron sancionados.

O mestre de Couso, Juan Antonio Ambrós Rodríguez, foi suspendido con dous meses de emprego e soldo, posteriormente no BOP do 2-12-37 foi confirmado no seu posto pero sen dereito a cobrar os haberes non percibidos durante a suspensión provisional.

Joaquín Ferrandíz Fernández, mestre de Prado, consta con suspensión de emprego e soldo polo tempo que levaba suspendido, trasladado fóra da provincia por dous anos e inhabilitación para cargos directivos.

A mestra de Peitieiros, Gloria Barbazán Fernández, foi sancionada con traslado dentro da provincia e inhabilitación para cargos directivos con perda de haberes; como a resolución do seu expediente figura no BOP do 3-9-37, estivo sen cobrar dende que fora apartada do cargo o 1 de setembro de 1936.

A causa do expediente contra Rogelio Granja Valverde, mestre de Mañufe, foi por “actitudes contra a Causa Nacional” e foi sancionado con suspensión de emprego e soldo durante dous meses, traslado dentro da provincia (a San Miguel de Tabagón – O Rosal) e inhabilitación para cargos directivos. A súa sanción publicouse no BOP do 2-2-38 e a revisión do expediente o 8-1-43 confirmándoo no posto con perda de haberes.

No cemiterio de Mañufe, onde era mestre Rogelio Granja, foron soterrados, o seis de outubro de 1936, os cadáveres de seis paseados en Vincios, tres apareceron na Pasaxe e outros tres en Vichicáns. Eran Emilio Giráldez Rodríguez, Fernando Costas Iglesias, Emilio Comesaña Sobreira, Manuel Enrique Villar Cimadevila, Antonio Comesaña Pérez e o seu irmán José. Sabemos por Telmo Comesaña Pampillón, fillo deste último, que a intervención do mestre foi decisiva para que foran soterrados en tumbas individuais e non nunha foxa común.

Prudencio Figueroa Vila, mestre de Vincios, foi suspendido de emprego e soldo, trasladado dentro da provincia (dous anos) e inhabilitación para cargos directivos. Como a sanción figura no

BOP do 11-5-40 resulta que estivo sen traballo case catro anos.

En Vincios estivera tamén de mestre Benedicto Crespo Rodríguez, que na altura de 1936 tiña destino en Vigo, na Graduada do Areal. Luísa e Gumersindo Pazos, fillos de Domingo Pazos Alonso, máis coñecido como Paulino Pazos, que fora concelleiro en Gondomar e, despois de estar agochado, logrou fuxir ao exilio escapando por Portugal, lembran un mitin que se celebrara dende o balcón da casa paterna. Segundo aseguran fora polo día da República, polo 14 de abril, aínda que non lembran ben o ano, quizais 1932. Falaron aquel día o daquela mestre de Vincios, Benedicto Crespo, o mestre de Morgadáns, Victoriano Taibo, Valentín Paz Andrade e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Pois ben, Benedicto Crespo tivo que facer fronte á ringleira de cargos: “militancia en organizacións afectas á República”, “actitudes contrarias á Causa Nacional”, “ideoloxía ou simpatía de esquerdas e “irrelixiosidade ou ateísmo”. O seu expediente foi resolto o 11-5-40 con separación do servizo e baixa no escalafón; resolución que foi confirmada na revisión do expediente datada o 25-3-43.

Luciano Folgar Monteagudo, mestre de Chaín, foi sancionado con suspensión temporal de emprego e soldo, traslado dentro da provincia por tres anos e inhabilitación para cargos directivos. A resolución publicouse no BOP do 11-5-40, polo que estivo case catro anos sen traballo.

Mais a Luciano Folgar Monteagudo, xunto co seu compañeiro de profesión José Cribeiro,

[Cruz Juiz / Arquivo IEM]



► O mestre Rogelio Granja ten unha rúa dedicada en Mañufe

mestre de Donas, non lle foron moi ben as cousas. Durante días temeu pola súa vida; primeiro cando foi detido e interrogado polo terrible oficial da Garda Civil Francisco González Rodríguez, alcumado “O Rabioso”, xa citado nestas páxinas, que se despraza expresamente a Gondomar para tomarlle declaración e redacta un informe que precede á dilixencia de entrega dos dous mestres detidos, asinada en Vigo o 16 de agosto de 1936. Despois, unha vez na cadea, polo temor a ser paseado.

O día anterior, 15 de agosto, a horas intempestivas presentouse “O Rabioso” no posto da Garda Civil de Gondomar para facerse cargo do atestado que se estaba a realizar e continualo. En poucas horas toma declaración a testemuñas e detidos e resolve enviar aos mestres á prisión na compañía dos perigosos libros propiedade de Luciano Folgar. É evidente que cando “O Rabioso” se despraza a Gondomar xa ten tomada a decisión sobre os dous mestres. Nos manuscritos o represor di:

En virtud de lo expuesto y creyendo el oficial que suscribe ser ciertos los cargos que se imputan a los maestros nacionales Don José Cribeiro González y Don Luciano Folgar Monteagudo, el primero que además figura en relación de Delegado al Pleno del Comité Local de los Trabajadores de la Enseñanza en primer termino, que tales hechos pudieran ser constitutivos del delito de sedición armada en contra del Movimiento del Ejercito Nacional al menos por inducción y referente a los ejecutores se instruye atestado por el Comandante del puesto de Gondomar en que ocurrieron, he acordado dar por terminado este atestado para su entrega al señor Delegado de Orden Público de la Ciudad con los referidos maestros en calidad de detenidos y a su disposición en la Prisión del partido (frontón) así como de los libros ocupados en su casa de Moraña al segundo, que comprueban son suyos por hallarse el de Psicología de la Revolución con su nombre y apellidos en la portada y varias hojas, siendo otra porción de ellos, de anarquistas de primer orden, comunistas y socialistas, con lo que se demuestra su manera de pensar

libertaria que como Delegados del Pleno del Comité Local de Trabajadores de la Enseñanza, figurando en relación con el “Cribeiro” los también Maestros Nacionais Víctor Sánchez Marfil y don Víctor Fraiz Villanueva, este, que como consta es peligroso propagandista comunista por todo lo que es de crear la labor funesta que para el desenvolvimiento cultural de España, hacían dentro y fuera de la Escuela los mencionados maestros, bajo recibo. Y que conste, lo firma la fuerza auxiliar y yo certificado.

O informe do “Rabioso” está incorporado á instrucción da causa 138/36 contra 23 veciños de Baiona, todos condenados, no consello de guerra celebrado o 19 de febreiro de 1937, a penas que van dende a reclusión perpetua no caso dos irmáns Villafines ata os 15 anos nos que tiveron máis sorte.

Tanto a Cribeiro como a Folgar acompañounos a fortuna (estaban detidos e foron enviados a prisión) así como boas e reais coartadas. Días máis tarde, o flamante tenente, segundo contan diversas testemuñas orais recollidas por Juan A. González Pérez no seu libro xa citado, achegouse, como xa dixemos, pouco antes do mediodía, ata a escola pública de Nigrán. Seica ía acompañado de varios falanxistas de Bouzas. Entrou na escola e levouse ao mestre Vázquez Grela. Deixouno “cara al sol”, como dicían aqueles energúmenos, preto das Angustias. Era o doce de setembro de 1936.

Luciano Folgar Monteagudo foi detido na súa casa natal de Saiáns (Moraña) onde estaba a pasar as vacacións dende o remate do curso e polo tanto non puido participar de forma directa nin indirecta, segundo a súa declaración, na oposición realizada en Gondomar contra o movemento militar. Os informes que achega, tanto do alcalde de Moraña como do cura da súa parroquia natal, servirán para que a causa contra el quede sobresida.

O labor pedagóxico de Luciano Folgar Monteagudo foi estudado polo profesor Malheiro Gutiérrez no súa tese de


doutoramento e parcialmente publicada.<sup>31</sup> Polo seu traballo sabemos que Folgar exerceu como mestre na escola “Rosalia de Castro” de Freixeiro, na parroquia de Laro (Silleda), primeira das escolas federadas ideadas e dirixidas dende a Arxentina por Antón Alonso Ríos, dende o seu inicio (1912) ata finais dos anos 20, e despois na escola “Francisco Giner de los Ríos” de Siador (Silleda) ata 1932. Ata esta data compaxinaba o seu posto de mestre co cargo de Inspector. Logo foi substituído polo mesmo Antón Alonso Ríos que fora enviado a Galicia. Dinos o prof. Malheiro:

Luciano Folgar desempeñou o cargo de inspector técnico para Hijos de Silleda desde o principio, ampliando o seu cometido –tamén foi o valedor e o elemento indispensable para a súa posta en marcha– nas escolas que se foron incorporando paulatinamente á Federación. Entre elas, as de Unión del Partido de Lalín (Lalín), Nueva Era de Vilanova (Vedra), Cultural del Pino (O Pino), Pro Escuelas en Bandeira (Silleda), Cultural de Moraña (Moraña) e Mutualista y Pro Escuelas de Caldas de Reyes (Caldas de Reis) (...)

Os de Vedra amosaban a súa satisfacción por poder contar cos servizos dun reputado mestre, “que a pesar de ser director de las escuelas que la Sociedad Hijos de Silleda sostiene en España e inspector a la vez de las que sostiene la sociedad Unión del Partido de Lalín, tiene como se ve la voluntad y además entusiasmo para trabajar en nuestro favor”.<sup>32</sup>


A comezos do curso 1931-32 coa chegada da República, Luciano Folgar Monteagudo abandonará os cargos que lle encomendaran para dedicarse ao ensino público na parroquia de Chaín.

Un caso especial de represión deuse na parroquia de Donas. A mestra de nenas, Juliana Gómez Martín, e o mestre da escola de nenos, José Cribeiro González, foron suspendidos nos seus cargos polo Gobernador Civil, Ricardo Macarrón, e os seus nomes figuran nas listaxes feitas públicas o 1 de setembro de 1936.



[Cruz Juiz / Arquivo IEM]

► No baixo estaba a Escola de Nenas de Donas. Na planta superior a vivenda da familia Cribeiro Gómez



[Cruz Juiz / Arquivo IEM]


► Na parte dereita do baixo estaba a Escola de Nenos de Donas

A mestra tiña de segundo nome Concepción e aínda que nos documentos oficiais sempre aparece co primeiro, na realidade familiar e veciñal era coñecida como Concha. Nacera en 1898 en Mohedas de Granadilla, en Cáceres. Filla dun funcionario de prisións andou dun lado para outro segundo os destinos paternos. Estudou maxisterio por libre en Compostela onde tomou interese polas correntes pedagóxicas inspiradas pola Institución Libre de Ensinanza.

Pola súa banda José Cribeiro González 36 anos, casado, mestre, natural do concello coruñés de Mañón, da parroquia de Santa María de Mogor. Estudou maxisterio en Pontevedra onde se asentaran os seus pais José e Remedios.

Concepción Gómez tivo a súa primeira escola en Donas e alí coñeceu ao seu compañeiro de profesión que sería tamén o seu compañeiro de vida. Na casa, que tiña a escola de nenas, no baixo vivían Concepción e José

[Cruz Juiz / Arquivo IEM]



► Edificio da Sociedade de Agricultores de Donas

coas súas tres fillas (María Luz, Priscilia e María Blanca). Alí transcorrían os seus días. José só tiña que andar uns cantos centos de metros para achegarse ata a escola de nenos e uns poucos máis para ir ata o edificio da Sociedade Agraria de Donas, da que era un dos principais animadores. Mais José Cribeiro tiña tamén outras actividades de carácter social vinculadas ao sindicalismo profesional. Era un activo militante da Federación de Trabaxadores de la Enseñanza da UGT, e obreiro, participaba da vida asociativa do Sindicato da Construción e Oficios varios de Gondomar, tamén afiliado á UGT. Mesmo tería un breve paso pola vida política local, cando tras a proclamación da II República e a anulación polo Goberno Civil das eleccións municipais do 12 de abril en Gondomar, foi nomeada unha comisión xestora da que formaba parte José Cribeiro que sería nomeado presidente da mesma e alcalde interino, cargo que asumiu o 20 de abril e abandonou o 4 de xuño cando se proclamou a nova corporación municipal elixida nos comicios do 31 de maio.<sup>33</sup>

E despois veu o terror. Concepción foi sancionada con suspensión temporal de emprego e soldo, traslado dentro da provincia por tres anos e inhabilitación para cargos directivos. A sanción publicouse no BOP do 11-5-40 polo que estivo case catro anos sen traballo. Mentres, José Cribeiro foi separado do servizo e causou baixa no escalafón, segundo a resolución feita pública no BOP do 24-7-41.

A familia de Cribeiro sufriu como poucas a represión. O seu irmán Pío, mestre de Aldán (Cangas), foi suspendido de emprego e soldo por catro meses, pero a resolución asinouse o 5-1-1938 polo que estivo ano e medio sen traballo; a súa cuñada Regina Rodríguez Bares, mestra tamén de Aldán, e a irmá desta Áurea, mestra de Coiro, tamén foron suspendidas e o expediente resolto na mesma data que o de Pío Cribeiro.

Concepción e José sobreviviron dando clases particulares en Gondomar e coa axuda da familia. En 1941 Concepción reingresou no corpo e enviárona a Petan (A Cañiza). José puido reincorporarse en 1948 en Mañufe. Logo xubiláronse en Matamá e tiveron unha longa vida sempre baixo a atenta mirada da Brigada Político-Social, a policía política do franquismo, que non deixou de visitalos, de cando en vez, ata ben avanzada a década dos sesenta. José Cribeiro faleceu en 1981, poucos días despois do 23-F, mentres que Concha morreu, preto de cumprir os 101 anos, en 1999.

Mais había algo moito peor que a suspensión de emprego, os traslados ou exilio interior, a perda da vida. E Cribeiro salvouna polos pelos. Tivo sorte, e como dixemos cando falamos de Luciano Folgar, unha boa e xustificada coartada. No seu caso será que nos días que van dende o golpe militar ata a ocupación de Gondomar polas forzas sublevadas o 24 de xullo, José Cribeiro estivo en Pontevedra formando parte dun Tribunal de selección de mestres. Sen embargo por todos os medios procuraron a forma de procesalo e así o fixeron.

Comentamos xa que o tristemente célebre “Rabioso” desprazárase en comisión de servizos a

Gondomar para interrogar a Folgar e a Cribeiro antes de envialos ao cárcere de Vigo. Eses interrogatorios forman parte, como dixemos, da causa 138/36 que se vería no consello de guerra celebrado o 19 de febreiro de 1937, no que serían condenados a diversas penas 23 veciños de Baiona. Ademais de interrogar aos dous mestres, “O Rabioso” procurou o testemuño de persoas “de orde e respectables”, non daquelas que presenciaron a hipotética tentativa de resistencia ao exército, polo que non se relatan feitos senón que se fan valoracións ideolóxico-políticas. Serán as primeiras estocadas contra Cribeiro. Así, o xestor do concello José Quintas Santiago declara:

... que es cierto que el Maestro Nacional de Donas don José Cribeiro González, desde el advenimiento de la República viene fomentando entre los obreros y los campesinos las ideas revolucionarias, en principio socialistas que elevó hará dos años a las comunistas siendo el principal dirigente en las parroquias del termino...

Pola súa banda o tristemente célebre cura-párroco, Carlos Hernández Vázquez declara:

... fue (Cribeiro) gestor al advenimiento de la República y que en las elecciones últimas tuvo una intensa actividad en pro de la candidatura comunista, no menos eficaz y asidua fue la del de la Nacional de Chaín Luciano Folgar Monteagudo...

O médico e Alcalde-Presidente da xestora nomeada polos sublevados, Latino Salgueiro Pereira, di:

...la actuación (de Cribeiro)... ya socialista en principio, ya comunista después se ha desarrollado de una manera intensa y funesta en las parroquias de Gondomar, dando por resultado sin duda el haber secundado la huelga general sediciosa y armada en contra del actual movimiento del Ejército nacional...

Agora ben non será nesta causa na que Cribeiro será procesado, senón na Causa 805/36 polo delito de rebelión contra José Pequeño

[Arquivo Familia Cribeiro]



► Juliana Concepción Gómez Martín, mestra das nenas de Donas


Rodríguez (alcalde de Gondomar), Rogelio Lorenzo González (tenente de alcalde), Joaquín Míguez Ledo (presidente do Sindicato) e os obreiros Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias (a) Cañon, Manuel Domínguez e Feliciano Vargas. Durante a instrución da causa, realizada polo comandante de Cabalería retirado Luís de Vicente Sasiaín, será tamén encartado, o 1º de outubro, José Cribeiro. En todo o proceso impulsado polo comandante do posto da Garda Civil de Gondomar, Florencio Márquez Parra, perséguese demostrar a existencia en Gondomar dunha célula comunista da que serían máximos responsables Cribeiro e o mozo Joaquín Míguez Ledo, que empurrarían ao alcalde José Pequeño a promover a requisa de armas e a organizar as patrullas que controlarían a vila durante aqueles días, así como a pretender impedir o paso das tropas pola ponte da Pasaxe de Vincios. O Garda Civil Florencio Márquez, obsesionado pola célula comunista, di que sabía da súa existencia con anterioridade ao golpe pero que non a puidera desarticular ata aquel momento e considera a Cribeiro responsable ideolóxico da mesma, así como de ser quen repartía os carnés comunistas.

[Arquivo Familia Cribeiro]



► José Cribeiro, mestre dos nenos de Donas





[Arquivo Familia Cribeiro Gómez]

► José Cribeiro, mestre de Donas, en 1965, unha vez que foi reposto no seu cargo


Segundo as súas fillas, foi José Nogueira, un comunista vigués, quen lle entregou a Cribeiro o seu primeiro carné do Partido Comunista nunhas rochas en Praia América tempo antes da guerra. O mesmo Nogueira entregoulle o último pouco antes de morrer.

José Cribeiro preparou con minuciosidade a súa defensa, segundo as súas fillas con xenerosa comprensión por parte do xuíz-instructor, e centrouna na súa estancia en Pontevedra como Secretario do 2º Tribunal dos cursiños de selección para o ingreso no maxisterio dende o 26 de xuño ata oito ou dez días despois do golpe militar, cando as novas autoridades ordenaron a suspensión das probas e que a súa presenza no mesmo pode ser testemuñada pola presidenta do Tribunal Ernestina Otero Sestelo<sup>34</sup>, profesora na Normal de Pontevedra que tamén sería suspendida de emprego e soldo, ou a tamén membro do Tribunal, a inspectora sevillana Vázquez Linares. Achega tamén como testemuñas ao Xefe da sección administrativa de Pontevedra, ao persoal da Normal e ás veciñas da casa paterna. Argumenta que deste feito, dedúcese claramente a imposibilidade de estar en Gondomar durante os días nos que ocorreron os sucesos que se estaban a xulgar, agás un día de xullo que non lembra con exactitude pero que foi antes da declaración do estado de guerra, en que acudiu para cobrar a gratificación pola casa-habitación, feito este que sería confirmado (foi o 17 de xullo) con rotundidade polo secretario do concello Urbano Alonso Gonda.

O 17 de outubro, en Vigo, celebrouse o consello de guerra presidido polo Tenente Coronel de

Artilería José Albo Abascal. Actuou como Fiscal o Tenente Auditor Ramón Rivero de Aguilar, célebre polo seu papel como Fiscal no consello de guerra contra Alexandre Bóveda. Do Tribunal Militar formaba parte, como primeiro vocal, o Capitán Ramón Blanco Linares, veciño da Ramallosa e comandante militar de Baiona, que o 24 de xuño se presentara en Gondomar como máxima autoridade militar para nomear alcalde-presidente da xestora de Gondomar ao médico Latino Salgueiro; ao seu regreso cara a Ramallosa e ao saber que uns obreiros andaban armados no Alto de Mallón, dirixiuse ata este lugar onde seica lle dispararon uns tiros e lle botaron unhas bombas (cartuchos de dinamita en realidade). Esta acción sería xulgada noutro consello de guerra que resolveu a causa 918/36 no que foron condenados a morte e fusilados (29 de decembro de 1936 en Pereiró) Telmo Freitas Lima, de Panxón, Gregorio Manuel Miranda González e Delfín Coscas Soliño, dous mozos de 22 anos veciños de San Pedro da Ramallosa, e o tamén veciño de Nigrán, José Millán Alonso.

A sentenza da causa que centra o noso interese foi tamén terrible. Joaquín Míguez Ledo



[Arquivo IEM]

► Joaquín Míguez Ledo, presidente do Sindicato Obreiro de

[Arquivo Familia Crieiro Gómez]




► Juliana Concepción Gómez, mestra de Donas

foi condenado a morte e fusilado o 24 de outubro de 1936, ás catro da tarde, contra as tapias do cemiterio de Pereiró. Tiña 29 anos. Non era orixinario do Val Miñor, seguramente esta circunstancia explica que a penas sexa recordado polas testemuñas orais, senón de Vilasobroso, no concello de Mondariz, fillo de Jesusa e de “incógnito”, como figura nos papeis. Estaba solteiro, legalmente, e residía en Vilaza coa súa compañeira Esperanza. Esta convivencia foi tamén causa de escándalo para os moralizantes golpistas que mesmo se atreveron a empregar este feito como descrédito do encartado no consello de guerra. O eficientísimo perseguidor de “rebeldes” contra o “Glorioso Movimiento Nacional” cabo da Guarda Civil, Florencio Márquez Parra, a versión gondomareña do cabo Pena ou do tenente Rabioso, escribe, no seu informe sobre Míguez Ledo: “vive maritalmente con una mujer en la parroquia de Villaza, familia que es de dudosa conducta, lo que dá lugar a dudar de la del informado”; mentres, o flamante presidente da xestora de Gondomar, doutor Latino Salgueiro, sentencia: “persona de mala conducta, pues vive amancebado en la parroquia de Villaza”. Joaquín e Esperanza Hermida contraerían matrimonio “in articulo mortis”.

Pola súa banda Eduardo Hermida Pereira, Antonio Iglesias (a) Cañon, Manuel Domínguez e Feliciano Vargas foron condenados a reclusión

perpetua. José Pequeño Rodríguez, Rogelio Lorenzo González e José Crieiro foron absoltos, quedando a disposición da autoridade civil que non decretaría a súa posta en liberdade ata tempo despois. Estaría preso na illa de San Simón. Os días e noites daqueles tres meses sería unha angustia permanente á espera dun “paseo”, como o serían as xornadas posteriores nas que Crieiro se agochou na casa dos pais en Pontevedra. Ante a sospeita de que calquera día o podían ir buscar decidiron Concepción e José marchar a Santiago, onde ela tiña coñecidos. Foi alí onde José Crieiro, seica aconsellado por Benito Ramallo Gómez, o mestre de Baiona do que falamos con anterioridade, tomou a decisión de alistarse como voluntario na Lexión. Tomou un nome falso, José María Ruíz Berlanga, e alá foi para Zaragoza onde estivo como oficinista ate o remate da guerra.


[Arquivo IEM]



► Manuscrito na súa defensa que presentou J. Crieiro ao instrutor da causa



[Arquivo Familia Taibo]



Junta Técnica del Estado  
Comisión de Cultura y Enseñanza

SECCIÓN ADMINISTRATIVA DE  
1.ª ENSEÑANZA DE PONTEVEDRA

- 8 ENE 1938  
PON

**¡VIVA ESPAÑA!**

*de la provincia*  
El «Boletín Oficial del Estado» del día  
*de hoy* publica una Orden de la  
Presidencia de la Junta Técnica del Estado,  
de fecha *28 de setiembre último* por la  
que, a propuesta de la Comisión de Cultura  
y Enseñanza, se dispone que Don *— V. —*  
Maestro de la Escuela nacional de *—*  
Ayuntamiento de *—*  
*sea reintegrado de su plaza*  
*y sueldo por el plano de*  
*un mes a partir de la fecha de*  
*dicha Orden y trasladado de*  
*escuela a otra de la provincia*  
*de Valladolid.*

Lo que comunico a V. S. para su conocimiento y demás efectos, debiendo consignarse en el título administrativo del interesado la correspondiente diligencia por el Consejo local de Primera enseñanza, enviando seguidamente *—* copias reintegradas en forma a esta Sección administrativa, comprendiendo en las mismas además la orden comunicada por esta Jefatura, a los efectos oportunos.

Dios guarde a V. muchos años.  
Pontevedra, *de buena*  
de 1937 *(L. de buena)*  
El Jefe de la Sección,  
*—*

Sr. *D. Victoriano Taibo García*  
Maestro de la Escuela nacional de *Morgadán*.

► Comunicación da sanción a Victoriano Taibo

Deixamos para o remate a Victoriano Taibo, o mestre de Morgadáns. Como os seus amigos e colegas, Luciano Folgar, de Chaín, Benedicto Costas, de Vincios, e Sebastián Pena, mestre de Vilaza, tamén Victoriano sería sancionado. Aos dous primeiros xa nos referimos con anterioridade. Sebastián Pena xa non estaba en Vilaza en setembro de 1936 pois tiña o seu destino na escola do barrio vigués de Casablanca. Contra Pena fórmulanse os cargos de “actitudes contrarias á Causa Nacional” e ideoloxía e simpatía de esquerdas”. A proposta da Comisión de depuración foi a de separación do servizo e baixa no escalafón, mais a resolución foi a de traslado fóra da provincia por dous anos e inhabilitación para cargos directivos.

Taibo comezou o curso en setembro de 1936, o seu amigo Antón Alonso Ríos convertido no seu novo personaxe de pobre de pedir ao que aínda non lle dera o nome de Señor Afranio escribe<sup>35</sup>:

Poucos pasos máis adiante sae a estrada de Morgadáns. Por ela, que vai

bordeando os socalcos, cheguei diante da escola onde o meu amigo, mestre e poeta Victoriano Taibo, cun punteiro na man ensinaba nun mapa a lección de xeografía aos seus alumnos. A porta da escola estaba aberta; mesmo á súa beira e sentado, cos rapaces facendo roda, ía sinalando os distintos países de Europa. Sin determe, olleino moi ben. El non apartou a ollada do mapa. Non se decatou, non, claro, de min, mais nin de alguén pasaba por diante da escola. Acordeime -¡como non ía lémbreme!- da miña propia escola, dos meus rapaces, dun mundo de afáns e degaros que ficaba tan preto e tan lonxe ao mesmo tempo.

Contra Taibo fórmulanse os cargos de “nacionalismo/separatismo ou galeguismo”, “actitudes contra a Causa Nacional” e por “desidia profesional” a sanción foi suspensión de emprego e soldo de un mes e traslado fóra da rexión. A resolución asinouse o 5-1-38, na revisión da causa o 14-11-1941, foi inhabilitado para o desempeño de cargos directivos.

O Delegado de Orde Pública e o concello de Gondomar asumiu unha petición dos veciños nos que solicitaban a anulación do traslado de Taibo. O xefe do servizo da sección administrativa de 1º Ensinanza de Pontevedra, Toribio Martínez, envíalle un escrito asinado o 28 de xullo de 1938 no que lle comunica:

... Teniendo en cuenta que según la Circular de 18 de enero último que la facultad de petición de anulación de traslado se confiere a los Ayuntamientos solo en el caso de que la sanción no hubiese sido impuesta por ideología separatista.= Considerando que al maestro D. Victoriano Taibo se le formulo entre otros cargos el ser galleguista.= Esta Jefatura ha resuelto quede en vigor el traslado impuesto como sanción al. expresado Sr. Taibo.

Este escrito élle remitido a Taibo á escola de Villalar de los Comuneros, provincia de Valladolid, onde permanecerá os catro anos de traslado cos que fora castigado.

[ v ]

## Coda

Falamos de mestres e mestras verdadeiros, de mestres e mestras íntegros que ocuparon un lugar central nas “guerras de cultura”<sup>36</sup> que se viñan confrontando nos anos da república e que empurraron aos militares africanistas e aos sectores máis retrógrados a dar o golpe de

estado. Confrontación entre unha cultura cosmopolita e urbana e outra rural e tradicionalista; entre unha ética humanista e os valores relixiosos conservadores; entre autoritarismo e liberalismo político; entre unha nova muller e o rol tradicional feminino; entre o novo e o vello e entre centro e periferia.

Non esquezamos aos mestres e mestras republicanos. ■

<sup>1</sup> MORENTE VALERO, F.: *La escuela y el Estado Nuevo. La depuración del Magisterio Nacional (1936-1943)*. Ámbito Ediciones. Valladolid, 1997.

<sup>2</sup> Borja de Riquer, “Prólogo” en MORENTE VALERO, F. Op. cit., p.18

<sup>3</sup> PORTO UCHA, A.S.: *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo*. Edicións Alén Miño. Ponteareas, 2003 e *Mestras e mestres pontevedreses depurados polo franquismo*. Edicións Alén Miño. Ponteareas, 2008.

<sup>4</sup> PORTO UCHA, 2008, p. 61

<sup>5</sup> Borja de Riquer en “Prólogo” citado, p. 13

<sup>6</sup> PORTO UCHA, 2008, p. 170

<sup>7</sup> ÁLVAREZ LIMESSES, G.: “Provincia de Pontevedra”, en *Geografía General del Reino de Galicia*, vol. XIII, A Coruña, Ed. de Galicia, 1980 (edición facsimile do texto publicado en 1936, t. 2º).

<sup>8</sup> MORENTE VALERO, F.: Op. cit., p.340 e 389 (nota 33).

<sup>9</sup> É o caso de Victoriano Taibo.

<sup>10</sup> FERNÁNDEZ, E. e PEREIRA, D.: *O anarquismo en Galiza*. Positivas, 2004, p.159.

<sup>11</sup> Ver VILAR PEDREIRA, X. L. e MÉIXOME, C.: “A Volta dos Nove: Notas para un estudo da represión franquista no Val Miñor” en *Murguía. Revista Galega de Historia*. Nº 7-8, 2005, pax: 155-168. Tamén GONZÁLEZ PÉREZ, J.A.: *Nigrán. Memoria dunha guerra: 1936-1939*, Edicións do Cumio, 1998

<sup>12</sup> DE MAURICIO, A.: *Historia de Bayona desde tiempo inmemorial hasta nuestros días*. Alén Miño, Ponteareas, 2001, pax. 337-340

<sup>13</sup> COSTA RICO, A.: “Os ensinantes galegos e o 36” en *A II República e a Guerra Civil. Actas do II Congreso da Memoria, Culleredo*. 2005, pax. 487- 521

<sup>14</sup> PORTO UCHA, 2008, pax. 68-82

<sup>15</sup> GONZALEZ PÉREZ, J. A.: Op. citada

<sup>16</sup> Reproducida en GARRIDO MOREIRA, E.: *Victor Fraiz. Vida e asasinato dun mestre exemplar*, Fundación Luís Tilve, 2002

<sup>17</sup> Víctor Fraiz (Bandeira - Silleda, 1887- Vigo, 1937). Mestre e principal dirixente da FETE. Despois do golpe militar andou fuxido, logo detido e fusilado en Vigo. Casado con Placeres Castellanos. A súa familia sufriu intensamente a represión. Moi unido ao Val Miñor e en especial a Gondomar, nomeadamente a Vilaza. Sobre Víctor Fraiz consultar GARRIDO MOREIRA, E. Op. cit.; tamén QUINTAS ALBORÉS, E.: *Placeres Castellanos*. Ed.. A Nosa Terra, 2008

<sup>18</sup> García Lombardía sería elixido Secretario Xeral da FETE-UGT no congreso extraordinario de abril de 1934 (vid. DE LUÍS MARTÍN, F.: *Historia de la FETE (1909-1936)*. Madrid, 1997. Militante do PCE sería Director General de Primera Enseñanza no Goberno da Fronte Popular (1937) e vocal da Comisión Executiva da UGT(1938). Exiliado en México.

<sup>19</sup> Estábbase a xestar a división na FETE que se produciría en 1934 coa elección de Lombardía como S.X. e a afiliación á ITE (Internacional de Traballadores do Ensino), grupo co que se identificaba Víctor Fraiz, dirixido por militantes comunistas e do sector largocaballearista do PSOE.

<sup>20</sup> Apolinar Torres López, naceu en Pontevedra (1894), era mestre en Vigo, un dos impulsores da ATEV. Fusilado contra os muros do cemiterio de Pereiró, tras consello de guerra sumarísimo, na compañía de Martínez Garrido (alcalde de Vigo), Gil Santostegui e Ramón González (concelleiros), Ignacio Seoane e Antonio Bilbao (deputados), do irmán deste último, Demetrio, do líder socialista, Botana, de Antelo Conde (alcalde de Lavadores), de Manuel Rey e de Pastor Rodríguez. Mandaba o pelotón o capitán Carrero, asistía o tenente Rabioso, quen un mes despois asasinaría a Vázquez Grela (vid.: PORTO UCHA, A.S.: *Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e franquismo*. Alén Miño, 2005.

<sup>21</sup> Francisco Soliño Pintos. Mestre de Alcobre. Separado do servizo e dado de baixa no escalafón (vid. PORTO UCHA, A.S. *Mestras e mestras pontevedresas depurados polo franquismo* Alén Miño, 2008)

<sup>22</sup> Vid. PORTO UCHA, A.S.: Op. cit., 2005; GARRIDO MOREIRA, E.: Op. cit., 2002.

<sup>23</sup> GARRIDO MOREIRA, E.: Op. cit., 2002

<sup>24</sup> *El Pueblo Gallego*, 24 de xuño de 1936.

<sup>25</sup> Felipe Sánchez Rodríguez, alcumado *Capillitas*, por que consideraba as diverxencias políticas entre a dereita coma capeliñas e que o que había que facer era *dejarse de capillitas y construir una gran catedral*, ademais o alcume tamén ridiculizaba a súa curta estatura.

<sup>26</sup> Antonio García y García (1930–1938), que despois foi arcebispo de Valladolid.

<sup>27</sup> Autor de *Crónicas históricas de la villa de Bayona* (1925), membro do goberno municipal e mesmo alcalde desta vila, brevemente, nos primeiros meses da guerra. Deixou unhas nota manuscritas baixo o título de *Efemérides bayonesas*. Inédito.

<sup>28</sup> Sobre este personaxe consultar ABAD GALLEGU, X.C.: “Una semblanza del Teniente de la Guardia Civil Francisco González “el Rabioso”, *Glaucois* nº 9. Boletín do Instituto de Estudios Vigueses, Vigo 2003.

<sup>29</sup> GONZALEZ PÉREZ, J. A., op. cit.

<sup>30</sup> PORTO UCHA, 2008

<sup>31</sup> MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M.: *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*. Edicións do Castro. 2006, pax. 261 e seg.

<sup>32</sup> MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M. Op. cit., p. 268

<sup>33</sup> SOLIÑO TRONCOSO, M., MOSQUERA VELEIRO, J.L., SOLIÑO TRONCOSO, A. e SOLIÑO TRONCOSO, A.: *Gondomar. Historia, Arte e Territorio*. Ir Indo, 1995, p. 57.

<sup>34</sup> Sobre Ernestina Otero pódese consultar: Puga, M.: *Ernestina Otero Sestelo. Pedagoga*. E. do Castro, 1992. Tamén PORTO UCHA, A.S. 2003, p.199-201

<sup>35</sup> ALONSO RÍOS, A.: *O Señor Afranio*. A Nosa Terra, 1996, p. 65.

<sup>36</sup> Sobre este concepto de “guerras de cultura” ver GRAHAM, H.: *Breve historia de la guerra civil*. Espasa Calpe, 2006.

